

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2020 pola que se amplían os prazos e se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 8 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética para as universidades públicas de Galicia, para os anos 2019 e 2020, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O 13 de setembro de 2019 publicáronse as bases reguladoras para as subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética para as universidades públicas de Galicia, para os anos 2019 e 2020, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. O 2 de outubro publicouse unha corrección de erros destas bases reguladoras.

De acordo co disposto no artigo 26.1 das ditas bases, a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos realizados era o 15 de setembro de 2020.

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concédente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Tamén se remite ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), en que se indica que a ampliación se poderá acordar de oficio o por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.



O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do programa Feder Galicia 2014-2020 nun 80 %.

No presente procedemento, debido á situación orixinada pola crise do COVID-19 e, consecuentemente, á suspensión dos prazos administrativos, rexistráronse solicitudes de ampliación de prazo de xustificación e execución por parte de todos os beneficiarios destas axuda, motivadas nas dificultades existentes para executar e xustificar os investimentos subvencionados nas actuais datas límite.

Por outra banda, a pesar de que os fondos totais da convocatoria non variarán, é necesario facer unha redistribución entre as distintas anualidades para poder levar a cabo a execución dalgúns proxectos no ano 2021.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficacia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso das enerxías renovables atendendo á totalidade das solicitudes en cada unha das epígrafes da convocatoria.

Polo anteriormente exposto, esta dirección

RESOLVE:

Primeiro. Modificar a data límite que figura no artigo 26.1 das bases reguladoras para executar os proxectos e presentar a documentación xustificativa, ampliándose o período de execución das actuacións que se subvencionan e o período para presentar a documentación xustificativa dos investimentos ata o 15 de marzo de 2021.

Segundo. Modificar a distribución entre as distintas anualidades do orzamento destinado ás subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos inte-



grais de aforro e eficiencia enerxética para as universidades públicas de Galicia, para os anos 2019 e 2020, que se redistribuirán da seguinte maneira:

Orzamento inicial				
Tipoloxía de proxecto	Aplicación orzamentaria	Código proxecto	2019	2020
Renovables térmicas	09.A2.733A.744.5	2016 00007	931.795 €	100.000,00 €
Aforro enerxético	09.A2.733A.744.1	2019 00009	817.096,44 €	4.500.000,00 €
Orzamento total: 6.348.891,44 €			1.748.891,44 €	4.600.000,00 €

Orzamento definitivo					
Tipoloxía de proxecto	Aplicación orzamentaria	Código proxecto	Anualidades		Total
			2020	2021	
Proxectos de enerxías renovables térmicas	09.A2.733A.744.5	2016 00007	725.569,35 €	306.225,65 €	1.031.795,00 €
Proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética	09.A2.733A.744.1	2019 00009	5.308.543,35 €	8.553,09 €	5.317.096,44 €
Total			6.034.112,70 €	314.778,74 €	6.348.891,44 €

Terceiro. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia (www.inega.gal) para os efectos previstos no artigo 44 e 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Cuarto. A presente modificación, unha vez publicada do *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a apertura de prazo para a presentación de novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2020

Ángel Bernardo Tahoces
 Director do Instituto Enerxético de Galicia

